

- 17 ALIANZAS PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS
- 16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SOLIDAS
- 15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES
- 14 VIDA SUBMARIÑA
- 13 ACCIÓN POLO CLIMA
- 12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES
- 11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES
- 10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES
- 9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA



OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

— UN CAMIÑO PARA
ACABAR COA POBREZA
E AS DESIGUALDADES
ALÁ E ACOLÁ —

- 10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES
- 9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA
- 8 TRABALLO DECENTE E CRECIMENTO ECONOMICO
- 7 ENERGÍA ASEQUIBLE E NON CONTAMINANTE
- 6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO
- 5 IGUALDADE DE XÉNERO
- 4 EDUCACIÓN DE CALIDADE
- 3 SAÚDE E BIENESTAR
- 2 FAME CERCA
- 1 FIN DA POBREZA


fondo galego
de cooperación e solidariedade

 XUNTA DE GALICIA

 cooperacióngalega

1 · FICHA DE PRESENTACIÓN

TÍTULO

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Un camiño para acabar coa pobreza e as desigualdades alá e acolá.

NIVEL EDUCATIVO

ESO

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer os ODS e os grandes temas que abordan dun xeito atractivo e entretido.
- Espertar unha conciencia crítica e solidaria no alumnado sobre as causas da pobreza e a exclusión.
- Reflexionar sobre o papel das administracións e de cada persoa na consecución dos ODS.
- Incentivar a participación da xente nova no cambio cara unha sociedade máis xusta e igualitaria.
- Achegar a cultura dos países lusófonos máis desfavorecidos ao alumnado galego.

MATERIAS

- Educación plástica, visual e audiovisual
- Filosofía
- Lingua galega e literatura
- Valores éticos
- Xeografía e historia

COMPETENCIAS

- Competencias sociais e cívicas.
- Consciencia e expresións culturais.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia en comunicación lingüística.

DURACIÓN


3 sesións de 50 minutos

RECURSOS NECESARIOS

- Exposición 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Un camiño para acabar coa pobreza e as desigualdades alá e acolá'.
- Folletos e copias da ficha para a visita (anexo I).
- Proxector con pantalla e altofalantes conectado ao ordenador.

RESUMO

- Esta unidade didáctica acompaña a exposición 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Un camiño para acabar coa pobreza e as desigualdades alá e acolá'. A mostra do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade reúne 17 viñetas, unha por cada ODS, de 15 debuxantes, tanto de Galicia coma de países africanos da Lusofonía como son Mozambique, Cabo Verde e Guinea-Bissau.
- A través da exposición e a unidade didáctica preténdese fomentar a reflexión, a nivel local e global, sobre temas como a loita contra a fame, o acceso á saúde e á educación, a equidade de xénero ou a protección do planeta. Tamén se busca concienciar sobre as medidas que cadaquén pode tomar e/ou esixir ao respecto.



2 · ALGUNHAS DEFINICIÓNS BÁSICAS

QUE É O FONDO GALEGO?



O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por preto dun cento de concellos e mais as deputacións da Coruña, Pontevedra e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Desde a súa fundación en 1997, a asociación impulsou máis de 150 proxectos en arredor de 30 países, entre os que destacan Cabo Verde, Nicaragua, Cuba, Perú e, na actualidade, Mozambique. Ao tempo, promove numerosas actividades e materiais para sensibilizar á cidadanía galega a prol da solidariedade internacional.

CAL É A RELACIÓN ENTRE OS CONCELLOS E OS ODS?

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible marcan o camiño para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas, uns ambiciosos propósitos nos que os gobernos locais teñen moito que dicir. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible inclúen indicadores que entroncan coas competencias locais, pero ademais o ODS número 11 pretende especificamente “lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles”. Deste xeito, os gobernos municipais poden tomar medidas para o cumprimento interno destas metas, aliñando as súas políticas públicas coa nova axenda do desenvolvemento, nas súas tres vertentes: económica, social e ambiental. No entanto, tamén poden contribuír á súa consecución nos lugares máis desfavorecidos a través da cooperación internacional e da participación en redes coma o Fondo Galego.

QUE SON OS ODS?

A finais de 2015, os estados membros da ONU fixaban os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que deben lograrse en 2030, logo de que os anteriores Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio se acadaran só parcialmente. Os ODS -que abranguen temas coma o xénero, a saúde, a educación, o medio ambiente ou a paz- supoñen un chamamento universal para adoptar medidas que poñan fin aos grandes problemas mundiais, entre eles a pobreza, o cambio climático ou as desigualdades entre as persoas e países.



Podes coñecer os ODS detalladamente en:

<http://www.un.org/sustainabledevelopment/>

3 · PROPOSTA DE ACTIVIDADES

3.0 · INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN

Como acción de partida, propónse organizar un acto inaugural no que participe unha persoa representante política ou técnica do Fondo Galego no concello ou deputación. Sería unha presentación pública á que se suxire convidar á comunidade educativa do centro e aos medios de comunicación locais, así como aos colectivos que puideran estar interesados. Esta Actividade 0 contribuiría a darlle ao tema a relevancia que require.

3.1 · VÍDEOS E DEBATE (20')

A xeito de introdución, propónse o visionado de dous breves **vídeos**:

- ▶ “Objetivos de Desarrollo Sostenible” (CINU Bolivia 5'58")
<https://youtu.be/ZI7MELhBdnl>
- ▶ “Los ODS: qué son y cómo alcanzarlos” (UNESCO 6'00")
<https://youtu.be/MCKH5xk8X-g>

Nota: Os vídeos poden proxectarse en bucle durante os recreos no espazo común onde estea instalada a exposición.

Algunhas preguntas para guiar o debate:

- Escoitarades falar antes sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible? E sobre os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio?
- Son os ODS un bo camiño para protexer o planeta e mellorar a vida das persoas?
- Cales son os grandes problemas que os ODS tentan atallar a nivel mundial?
- Só os países empobrecidos teñen que cumprir os ODS ou tamén nos países enriquecidos hai cuestións que mellorar?
- Pensades que estes obxectivos son alcanzables? Cales son máis doados e cales máis difíciles de conseguir? Que barreiras identificades para acadalos e como poderíamos superalas?

3.2 · VISITA Á MOSTRA E FICHA (30')

Propónse realizar un breve percorrido guiado pola exposición e a continuación deixar uns minutos para que, individualmente ou en pequenos grupos, o alumnado cubra a ficha anexa. A ficha inclúe dous exercicios: un para contestar cinco preguntas tipo test con datos recollidos da exposición e outro con doce afirmacións para ligar con cadanseu ODS.

3.3 · MURAL COLECTIVO (50')


Inspirándose nas viñetas da exposición, a aula elabora un mural colectivo que recolle cada un dos ODS e fotográfase con el a xeito de photocall grupal e/ou individualmente, de xeito que as imaxes se poidan difundir logo a través das canles que o centro considere.

3.4 · CONTRIBUCIÓN AOS ODS (20')

Por parellas, o alumnado escolle un ODS e e pensa de que xeito pode contribuír a acadalo, para logo expoñer as súas reflexións perante a aula.

3.5 · VÍDEO/CARTA AO CONCELLO (30')

A aula escribe unha carta ou grava unha videocarta dirixida ao seu alcalde ou alcaldesa reivindicando que se tomen medidas para acadar os ODS no eido local e global. Poden facer suxestións concretas sobre o xeito no que o seu concello debe contribuír.



4 · RECURSOS COMPLEMENTARIOS

Cidades Amigas da Infancia (UNICEF)

<http://ciudadesamigas.org/involucremos-ninos-ninas-ods-agenda-global/>

A lección máis grande do mundo

<http://worldslargestlesson.globalgoals.org/es/>

O mundo que queremos

https://www.unicef.org/agenda2030/files/TWWW_A4_Single_Page_LowRes_Spanish.pdf

As mulleres e os ODS (UN WOMEN)

<http://www.unwomen.org/es/news/in-focus/women-and-the-sdgs>

5 · CONTACTO

A comezos de 2018, esta unidade didáctica atópase en período de proba, polo que se prega a calquera docente que a utilice que nos faga chegar as súas dúbidas e suxestións a:

Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Área de Comunicación e Sensibilización

comunicacion@fondogalego.org

Tel. 986 843 436



**OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE**

— UN CAMIÑO PARA
ACABAR COA POBREZA
E AS DESIGUALDADES
ALÁ E ACOLÁ —

ANEXO I FICHA PARA A VISITA Á EXPOSICIÓN



1. Responde a este breve cuestionario
(só unha das tres respostas é correcta).

? Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible deben acadarse no ano:

- 2020
- 2030
- 2031

? Algúns dos países africanos onde se fala portugués son:

- Mozambique, Cabo Verde e Marrocos.
- Guinea-Bissau, Mozambique e Congo.
- Cabo Verde, Mozambique e Guinea-Bissau.

? Os ODS aprobáronos:

- Os estados membros da Organización das Nacións Unidas.
- Os alcaldes e alcaldesas dos 314 municipios galegos.
- As presidentas e presidentes dos países empobrecidos.

? Quen debe tomar medidas para que os ODS se cumbran:

- As persoas individualmente.
- Os estados, as comunidades autónomas e os municipios.
- As dúas respostas anteriores son correctas.

? Cantos concellos e deputacións forman parte do Fondo Galego?

- 100 concellos e as catro deputacións provinciais.
- Case 100 concellos e tres deputacións provinciais.
- Máis de 100 concellos e tres deputacións provinciais.

2. Liga cada afirmación co ODS correspondente:

A “fenda dixital” fai referencia ás diferenzas na facilidade de acceso ás novas tecnoloxías, principalmente internet, entre distintas poboacións.



O matrimonio infantil e a ablación xenital feminina están diminuindo. As mulleres dedican a tripla de tempo ca os homes ao traballo doméstico e aos coidados.



Nestes intreos, non todas as persoas teñen un centro de saúde preto nin dispoñen de recursos para mercar medicamentos.



Calcúlase que para o ano 2050 cando menos un 25% da poboación mundial vivirá nun país afectado pola escaseza crónica de auga doce.



Para acadar os ODS precísase un forte compromiso internacional, adoptando medidas políticas e poñendo a disposición o orzamento necesario.



O incumprimento de dereitos básicos coma o dunha vivenda axeitada inclúense no concepto de pobreza, que non é só a falta de diñeiro.



Ter un traballo non sempre permite saír da pobreza, pois as condicións non sempre son dignas. Calcúlase que 168 millóns de nenos e nenas están traballando.



En moitos países, as nenas aínda atopan máis dificultades que os nenos para acudir á escola.



Sigue aumentando o número de persoas que viven en barrios marginais das cidades, nas que a contaminación atmosférica supón un risco para a saúde.



Se se adoptan unha serie de medidas, aínda é posible limitar o aumento da temperatura do planeta, que está a provocar un descenso da produción de cereais.



O rexistro dos nacementos é o primeiro paso para a protección dos dereitos e para que as persoas teñan a oportunidade de acceder á xustiza e servizos sociais.



A sobrepesca reduce a poboación de peixes, desequilibra os ecosistemas e reduce a biodiversidade. Pódense establecer figuras de protección para áreas mariñas.



ANEXO II RESPOSTAS CORRECTAS DA FICHA PARA A VISITA Á EXPOSICIÓN



1. Responde a este breve cuestionario (só unha das tres respostas é correcta).

? Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible deben acadarse no ano:

- 2020
- **2030**
- 2031

? Algúns dos países africanos onde se fala portugués son:

- Mozambique, Cabo Verde e Marrocos.
- Guinea-Bissau, Mozambique e Congo.
- **Cabo Verde, Mozambique e Guinea-Bissau.**

? Os ODS aprobáronos:

- **Os estados membros da Organización das Nacións Unidas.**
- Os alcaldes e alcaldesas dos 314 municipios galegos.
- As presidentas e presidentes dos países empobrecidos.

? Quen debe tomar medidas para que os ODS se cumpran:

- As persoas individualmente.
- Os estados, as comunidades autónomas e os municipios.
- **As dúas respostas anteriores son correctas.**

? Cantos concellos e deputacións forman parte do Fondo Galego?

- 100 concellos e as catro deputacións provinciais.
- **Case 100 concellos e tres deputacións provinciais.**
- Máis de 100 concellos e tres deputacións provinciais.

2. Liga cada afirmación co ODS correspondente:

A “fenda dixital” fai referencia ás diferenzas na facilidade de acceso ás novas tecnoloxías, principalmente internet, entre distintas poboacións.



Ter un traballo non sempre permite saír da pobreza, pois as condicións non sempre son dignas. Calcúlase que 168 millóns de nenos e nenos están traballando.



O matrimonio infantil e a ablación xenital feminina están diminuíndo. As mulleres dedican a tripla de tempo ca os homes ao traballo doméstico e aos coidados.



En moitos países, as nenas aínda atopan máis dificultades que os nenos para acudir á escola.



Nestes intres, non todas as persoas teñen un centro de saúde preto nin dispoñen de recursos para mercar medicamentos.



Sigue aumentando o número de persoas que viven en barrios marxinais das cidades, nas que a contaminación atmosférica supón un risco para a saúde.



Calcúlase que para o ano 2050 cando menos un 25% da poboación mundial vivirá nun país afectado pola escaseza crónica de auga doce.



Se se adoptan unha serie de medidas, aínda é posible limitar o aumento da temperatura do planeta, que está a provocar un descenso da produción de cereais.



Para acadar os ODS precísase un forte compromiso internacional, adoptando medidas políticas e poñendo a disposición o orzamento necesario.



O rexistro dos nacementos é o primeiro paso para a protección dos dereitos e para que as persoas teñan a oportunidade de acceder á xustiza e servizos sociais.



O incumprimento de dereitos básicos coma o dunha vivenda axeitada inclúense no concepto de pobreza, que non é só a falta de diñeiro.



A sobrepesca reduce a poboación de peixes, desequilibra os ecosistemas e reduce a biodiversidade. Pódense establecer figuras de protección para áreas mariñas.

